

REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO DE TEIMA DOWN FERROL

(Aprobado pola Asemblea Extraordinaria do día 29-5-2011)

De acordo cos Estatutos da asociación Teima Down Ferrol e coa finalidade de dotar a mesma dunhas normas democráticas, áxiles e plurais de funcionamento, crease o presente regulamento de réxime interno.

Este regulamento debe ser un documento vivo e flexible, adaptándose as novas circunstancias sociais, sempre dentro do marco da lexislación vixente e dos estatutos da entidade e desenrolará materias non contempladas nestes, así como aquelas en que os estatutos non sexan suficientemente específicos ou explícitos.

ARTIGO I

DA ASOCIACIÓN EN XENERAL


A asociación Teima Down Ferrol ofrece un servizo de promoción da autonomía persoal as persoas coa Síndrome de Down en particular e con discapacidade intelectual en xeral.

Teima está declarada de utilidade pública pola orde INT/2958/2006, BOE nº 232 do 12 de setembro do 2006. Tamén se rexe polos criterios de calidade da ISO 9001. Quedando dentro destes marcos o funcionamento da entidade.

Os fins da entidade están definidos nos estatutos, para acadalos poñemos en marcha distintos programas dentro das áreas de traballo marcadas no SEPAP.

Para a realización dos programas a entidade contratará o persoal axeitado. Elixido mediante un proceso de acordo coa lexislatura vixente.

A organización e órganos de goberno descríbese no seguinte organigrama:



ARTIGO II DOS SOCIOS DEREITO E DEBERES

Tal e como marcan os estatutos na asociación poderá haber distintos tipos de socios:

1. Socios numerarios son pai, nai, titor legal ou persoa coa Síndrome de Down sen incapacitar.
2. Socios adheridos son pai, nai titor legal ou persoa con discapacidade intelectual sen incapacitar.
3. Socio colaborador calquera persoa que estea interesada en colaborar co noso fin.

4. Socio de honra é unha persoa física ou xurídica que se tivera distinguido na promoción ou realización de actividades que contribúan on fins da asociación.

DEREITOS E OBRIGAS DO SOCIOS

Os socios numerarios teñen dereito a:

- Participar nos órganos de goberno
- Participar nas actividades da entidade
- Exercer o dereito a voto; os socios numerarios pola súa condición teñen un voto de calidade, e dicir este voto ten un valor maior co de resto de socios; definíndoo neste regulamento de réxime interno cun valor do dobre dun voto simple.
- Facer suxestións ós membros da Xunta directiva para mellorar o cumprimento dos fins da Entidade
- Impugna-los acordos contrarios á lei ou ós estatutos
- Estar informado da composición dos órganos de goberno e representación da entidade
- Ser oído antes da adopción de medidas disciplinarias na súa contra

Os socios numerarios teñen as seguintes obrigas:

_ Satisface-las cuotas que se establezan. As cuotas para os socios numerarios serán dúas:

1.-cuota básica de socio

2.-cuota por servicio de promoción da autonomía

_ Desempeñar os cargos para os que foron elixidos

_ Entregar á Entidade a documentación requirida, para ser presentada nas subvencións ou xustificacións dos programas da Asociación, ós que asiste

_ Aceptar os estatutos e o regulamento de réxime interior

_ Defender os fins e obxectivos que persegue a Asociación

_ Cumprir los acordos dos órganos de goberno Presidente, Xunta Directiva e Asemblea Xeral

_ Os socios poden pedir a baixa voluntaria pero esto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes coa asociación. En caso de solicitude de reingreso, despois dunha baixa voluntaria, a Xunta Directiva estudiará o caso de forma individual tomando as medidas que considere oportunas, tales como o pago dunha cuota de reingreso ou calquera outra que considere xusta, sempre dentro dos marcos da legalidade vixente.

2 Os socios adheridos teñen dereito a:

- Participar nos órganos de goberno
- Participar nas actividades da entidade
- Exercer o dereito a voto; os socios adheridos contan cun voto simple.
- Facer suxestións ós membros da Xunta directiva para mellorar o cumprimento dos fins da Entidade
- Impugna-los acordos contrarios á lei ou ós estatutos
- Estar informado de composición dos órganos de goberno e representación da entidade
- Ser oído antes da adopción de medidas disciplinarias na súa contra

Os socios adheridos teñen as seguintes obrigas:

_ Satisfacer as cuotas que se establezan. As cuotas para os socios adheridos serán dúas:

1.-cuota básica de socio

2.-cuota por servizo de promoción da autonomía

_ Desempeñar os cargos para os que foron elixidos

_ Entregar á Entidade a documentación requirida para ser presentada nas subvencións ou xustificacións dos programas da Asociación ós que asiste

_ Aceptar os estatutos e o regulamento de réxime interior

_ Defender os fins e obxectivos que persegue a Asociación

_ Cumprir los acordos dos órganos de goberno Presidente, Xunta Directiva e Asemblea Xeral

_ Os socios poden pedir a baixa voluntaria pero esto non lles eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes coa asociación. En caso de solicitude de reingreso, despois dunha baixa voluntaria, a Xunta Directiva estudiará o caso de forma individual tomando as medidas que considere oportunas, tales como o pago dunha cuota de reingreso ou calquera outra que considere xusta, sempre dentro dos marcos da legalidade vixente.

3 Os socios colaboradores teñen dereito a:

- Participar na Asemblea Xeral con voz pero sen voto
- Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva para mellorar o cumprimento dos fins da Asociación
- Estar informado de composición dos órganos de goberno e representación da entidade

4 Os socios de honra teñen dereito a:

- Participar na Asemblea Xeral con voz pero se voto.

ARTIGO III FALTAS E SANCIONS

FALTAS LEVES.

Son faltas leves (sempre que, pola súa tipificación ou circunstancias, non constitúan falta grave o moi grave):

- 1.- A incorrección no trato a outros membros da Asociación ou os órganos de goberno e asesoramento da mesma.
- 2.- O simple retraso no cumprimento das súas obrigacións.
- 3.- O trato desconsiderado a outro membro da Asociación ou os cargos da Xunta Directiva ou a calquera outro órgano de representación ou goberno.
- 4.- O uso indebido, sen que cause prexuízo moral ou económico para a Asociación, dos medios que esta poña a disposición dos seus membros.
- 5.- O incumprimento das obrigas ou actuacións que corresponda o socio, por acordo da Asemblea Xeral, segundo os Estatutos ou este Regulamento.
- 6.- A manifestación pública de oposición os acordos da Asociación.

SANCIONS:

As faltas leves se sancionarán coa perda do dereito a participar nos programas da Asociación durante un período de tres meses.

Esta sanción non exime do cumprimento do resto de obrigas.

FALTAS GRAVES.

Son faltas graves (sempre que, pola súa tipificación ou circunstancias, no constitúan faltas moi graves):

1.- O impago das cuotas, derramas ou débedas de calquera clase, exixibles ós membros, con demora superior a seis meses.

2.- O impago das cuotas, derramas o débedas de calquera clase, exixibles ós membros, en cantidade acumulada superior a mil cincocentos euros (1.500.-€).

3.- O uso indebido, con prexuízo moral ou económico para a Asociación, dos medios que esta pon a disposición dos seus membros.

5.- O trato desconsiderado, con publicidade, a outro membro da Asociación ou ós cargos da Xunta Directiva ou calquera outro órgano de representación ou goberno.

6.- A oposición pública ós fins, ás directrices fundamentais e ás actuacións xerais da Asociación.

7.- A comisión dunha falta leve, cando o infractor houbera sido anteriormente sancionado por outras dúas leves ou unha grave ou moi grave, dentro do período dun ano.

SANCIONS:

As faltas graves se sancionarán coa perda do dereito a participar nos programas da Asociación por período dun ano.

Esta sanción non exime do cumprimento do resto de obrigas.

FALTAS MUY GRAVES.

Son faltas moi graves:

1.- O impago de cuotas e derramas de calquera clase, exixibles ós membros, con demora superior a doce meses.

2.- O impago de cuotas e derramas de calquera clase, exixibles ós membros, en cantidade acumulada superior a tres mil euros (3.000.-€).

3.- O incumprimento das obrigas asumidas polo socio cando este cáuselle a Asociación:

- Maior carga de traballo administrativo ou menor tempo para a corrección de defectos na xustificación dos programa.
- Perda ou redución de subvenciones á Asociación provenientes de terceiros ou grave risco de que isto ocorra.
- A redución de subvencións ou axudas xa concedidas.
- A obrigación de devolución de cantidades recibidas.

4.- O incumprimento das obrigas establecidas pola Asemblea Xeral baixo sanción expresa de baixa forzosa ou expulsión.



Rúa Álvaro Cunqueiro, nº 1 entrechán
15403 FERROL (A Coruña)
Telf / fax:981322230
E-mail:teimadownferrol@teimadownferrol.org

5.- O incumprimento reiterado ou manifestamente rebelde de calquera outra obriga ou actuación que corresponda ó socio, por acordo da Asemblea Xeral, ou segundo o escrito nos Estatutos ou neste Regulamento.

6.- A suplantación ante terceiros da personalidade da Asociación, con prexuízo económico ou moral para a mesma.

7.- A difamación inxustificada e pública da Asociación, dos seus fins ou das súas actuacións así coma a difamación en igual forma dos seus membros.

8.- A comisión dunha falta grave, cando o infractor houbera sido anteriormente sancionado por outras dúas faltas graves ou unha moi grave, dentro do período dun ano.

SANCIONS:

As faltas moi graves poderán ser sancionadas coa baixa forzosa ou expulsión aínda que se manterán as obrigas económicas do socio contraídas ata o momento da perda da condición de socio.